



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DA OBRAS DE PAVIMENTACIÓN NA RONDA DO CARME (LOTE 2). LECTURA DE INFORME TECNICO E SELECCIÓN DA OFERTA MÁIS VANTAXOSA.

Sendo as 13:30 horas do día 27 de xullo de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei, Xefe do servizo de contratación, patrimonio e Fomento.

E actuando como vocais: Don Pablo López Paz, Titular da Asesoría Xurídica, dona Elva Anido Anido, en substitución do Interventor Xeral; don Pablo Fuentes Failde, Xefe do Servizo de Enxeñería e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte da Secretaria a informar ós presentes da existencia dun erro na consideración da documentación achegada á mesa de contratación celebrada o día 8 de xuño de 2015, que serviu de base para a adopción do acordo transcrito na acta correspondente e nos posteriores decretos, por canto en relación co LOTE 2 "Obras de pavimentación na Rolda do Carme", non se tivo en conta nese momento a vinculación de dúas empresas na consideración das baixas anormais ou desproporcionadas, motivo polo cal, unha vez valorada esta circunstancia, a oferta que nun principio se estimou máis vantaxosa para o Concello, presentada pola mercantil CANARGA, S.L., resultou que tivo que ser considerada anormal ou desproporcionada, motivo polo cal foi requirida xustificación pertinente á dita baixa e informada por conseguinte polo técnico correspondente.

Acto seguido dáse pois lectura ó informe técnico elaborado polo servizo de enxeñería sobre a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa CANARGA CONSTRUCCIONES, S.L., para o LOTE 2.

Neste informe faise constar por parte do técnico que subscribe non entender que se poida considerar xustificada a oferta económica presentada, polo que propón a súa desestimación"; polo que os membros da mesa acordan tamén a súa exclusión da licitación de referencia.

A continuación procédese á elaboración do cadro final de puntuacións referido ó Lote 2, co seguinte resultado:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refª: acta exclusion carnarga

Asunto:

OBRA	RONDA DO CARME		
EMPRESA	OFERTA	GARANTIA	TOTAL
ASOGAL CONSTRUCCIONES S.L.	8,00	2,00	10,00
ASFALGAL TECNICAS VIARIAS S.L.	7,73	2,00	9,73
ÓVISA PAVIMENTOS Y OBRAS S.L.U.	7,64	2,00	9,64
PORTOSAR GALICIA S.L.	7,62	2,00	9,62
PROBISA S.A.	7,42	2,00	9,42
CANALUGO S.L.	7,36	2,00	9,36
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.	7,29	2,00	9,29
COSNTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L.	7,12	2,00	9,12
LANCER PROYECTOS Y OBRAS S.A.	7,06	2,00	9,06
HORDESCÓN S.L.	6,66	2,00	8,66
CONSTRUCCIONES RAFER S.L.	6,54	2,00	8,54
CONSTRUCCIONES SANLE S.L.	5,53	2,00	7,53
FEVISA VIAS Y OBRAS S.L.	5,14	2,00	7,14
CONSTRUCCIONES ISIDRO OTERO S.L.	5,73	1,00	6,73
GRUPO BASCUAS 2008 S.L.	2,84	1,00	3,84

Así pois, os membros da mesa de contratación acordan seleccionar, para o LOTE 2, a oferta presentada pola mercantil: **ASOGAL CONSTRUCCIONES, S.L.**, por sela seguinte en orde a mellor puntuación acadada e polo tanto considérase a oferta economicamente máis vantaxosa para o Concello de Lugo.

A vista do cal os membros da mesa acordan propoñer:

PRIMEIRO.- Excluir á mercantil: **CANARGA CONSTRUCCIONES, S.L.**, no lote 2, **por non considerarse xustificada a oferta económica presentada segundo informe técnico.**

SEGUNDO.- Seleccionar para o LOTE 2 (OBRAS DE PAVIMENTACIÓN NA RONDA DO CARME), á mercantil **ASOGAL CONSTRUCCIONES, S.L.**, por importe de 55.520 euros, máis o IVE (21%): 11.659,20 euros, resultando un total de **67.179,20 euros, IVE incluído.**

Oferta asimesmo un incremento do prazo de garantía de **48 meses** a maiores do mínimo de doce meses establecidos nos pregos de cláusulas administrativas.

Asimesmo acórdase requirir á sinalada mercantil, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, presente a documentación sinalada na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas; así como ter constituída unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14,00 horas do día sinalado no encabezamento.



Concello de Lugo

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Refª: obras Carlos V Pimentel y otras.....

Asunto: acta lect inf tecn Canarga lote 2

Polo tanto as puntuacións acadadas e reflexadas na acta do día 8 de xuño de 2015, non sufren variación ningunha quedando dita acta únicamente modificada no que respecta ó Lote 2.

O PRESIDENTE

Asdo.: Xosé Manuel Cao Fer



A SECRETARIA

Asdo.: Ana Tabares Martínez